



FEDERACION GALEGA DE CAZA
REXISTRO XERAL
ENTRADA Nº. 038
SAÍDA Nº. _____
DATA 02/06/2025

Asunto: Notificación resolución

Contrato: SERVIZO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN E DIVULGACIÓN POLA FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA NA FEIRA DE CAZA, PESCA E NATUREZA "FECAP-25", DENTRO DA FEIRA INTERNACIONAL ABANCA SEMANA VERDE DE SILLEDA.

Adxudicatario: FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA con NIF: V15117849

Con data 30 de maio de 2025 a directora xeral de Patrimonio Natural da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, en virtude do establecido no apartado segundo da Orde do 25 de outubro de 2019, sobre delegación de competencias na secretaria xeral e noutros órganos da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, (DOG núm. 210, do 5 de novembro de 2019), ditou a seguinte resolución:

REF. CONTABLE: 2025-06-319

Nº EXPTE.: CMA-2025-0039

RESOLUCIÓN DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO ADMINISTRATIVO "REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN E DIVULGACIÓN POLA FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA NA FEIRA DE CAZA, PESCA E NATUREZA "FECAP-25", DENTRO DA FEIRA INTERNACIONAL ABANCA SEMANA VERDE DE SILLEDA".

O 22 de maio de 2025 a directora xeral de Patrimonio Natural eleva a proposta para adxudicar o contrato menor de servizo de **"REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN E DIVULGACIÓN POLA FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA NA FEIRA DE CAZA, PESCA E NATUREZA "FECAP-25", DENTRO DA FEIRA INTERNACIONAL ABANCA SEMANA VERDE DE SILLEDA"** a favor da FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA con NIF: V15117849, por presentar unha oferta válida. A prestación terá as seguintes condicións:



Entidade adxudicataria: *FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA con NIF: V15117849*

Importe de adxudicación:

- Orzamento base: *cinco mil novecentos euros (5.900,00 €).*
- IVE: *0,00 €*
- Orzamento de adxudicación: *cinco mil novecentos euros (5.900,00 €).*

Prazo de execución: *A execución de todas as actividades obxecto deste contrato terán lugar dentro da Feira Internacional ABANCA Semana Verde que se celebrará dende o 5 ata 8 de xuño de 2025 en Silleda (Pontevedra).*

A competencia para ditar esta resolución corresponde á directora xeral de Patrimonio Natural da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, en virtude do establecido no apartado segundo da Orde do 25 de outubro de 2019, sobre delegación de competencias na Directora Xeral de Patrimonio Natural e noutros órganos da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, (DOG núm. 210, do 5 de novembro de 2019), o artigo 2 do Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia (DOG núm. 81, do 24 de abril de 2024), así como no Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia (DOG núm. 73, do 14 de abril de 2024).

Polo exposto, e de conformidade á Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, o Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da lei de contratos das administracións públicas e demais normativa de desenvolvemento,

RESOLVO

1. Adxudicar o contrato menor de servizo “REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN E DIVULGACIÓN POLA FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA NA FEIRA DE CAZA, PESCA E NATUREZA “FECAP-25”, DENTRO DA FEIRA INTERNACIONAL ABANCA SEMANA VERDE DE SILLEDA” á FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA con NIF: V15117849, por importe de 5.900,00 € (IVE excluído), conforme ás condicións técnicas establecidas para este contrato, así como á oferta presentada polo adxudicatario.

2. Designar como responsable do contrato a Tomás José Fernández-Couto Juanas, subdirector xeral de Espazos Naturais, para os efectos da efectiva realización e conformidade das actuacións previstas e á presentación das facturas correspondentes.



3. Ordenar a notificación desta resolución aos licitadores e a súa publicación no perfil do contratante deste órgano de contratación: <https://www.contratosdegalicia.gal/licitacion>, de conformidade co sinalado nos artigos 63 e 151 da LCSP.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o órgano de contratación, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación (segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas) ou directamente recurso contencioso administrativo perante o órgano xudicial que corresponda, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto, conforme ao artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, asinado dixitalmente

*A conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático
(P.D. Orde do 25/10/2019, DOG nº 210 do 5 de novembro)*

*A directora xeral de Patrimonio Natural
Marisol Díaz Mouteira*

Mediante este documento notifícaselle esta resolución conforme ao esixido no artigo 40 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, asinado dixitalmente

A xefa do Servizo de Xestión Económica e Orzamentaria
Ana Luisa López do Casar

